

dos en euskara. La Orden del Departamento de Educación, Universidades e Investigación de 16 de julio de 1987 (BOPV de 7 de agosto), por la que se convocan subvenciones a materiales didácticos audiovisuales publicados en euskara. Y la Orden del Departamento de Educación, Universidades e Investigación de 1 de julio de 1987 (BOPV de 14 de setiembre) convoca ayudas para actividades teatrales destinadas a la euskaldunización del ámbito escolar durante el curso 87/88.

## 2. En el ámbito cultural

Con referencia a la *literatura vasca*, la Orden del Departamento de Cultura y Turismo de 22 de julio de 1987 (BOPV de 30 de julio) modifica la anterior de 24 de abril de 1986 sobre Premios Literarios del País Vasco en euskara, en las conocidas modalidades de poesía, teatro, ensayo y novela. La Orden del Departamento de Cultura y Turismo de 3 de setiembre de 1987 (BOPV de 8 de setiembre) regula la concesión de ayudas para la creación literaria en euskara a fin de promocionar a aquellos autores jóvenes y desconocidos que no han publicado libro alguno. Y, por último, la Orden del mismo Departamento de 10 de setiembre de 1987 (BOPV de 16 de setiembre) regula la concesión de subvenciones a obras literarias publicadas en euskara.

Por último, la Orden del Departamento de Educación, Universidades e Investigación de 1 de julio de 1987 (BOPV de 14 de setiembre), convoca ayudas a las *escuelas de bersolarismo* formadas por niños de edad escolar.

## I.4. GALÍCIA

per Xosé GONZÁLEZ MARTÍNEZ

Cap del Servei municipal de l'idioma del Consello de Redondela

O ano 1987 ofrecemos un amplísimo repertorio de disposicións legais e algunha lei tamén, nas que podemos atopar referencias á lingua galega. Cómpre dicir que foi un ano no que, sobre todo a Consellería da Presidencia, salienta respecto das outras.

Vexamos, pois, o balanço.

## 1. *Consellería da Presidencia*

### 1.1. Leis

O DOG núm. 103, do 2 de xuño, publica a Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública.

O Preámbulo desta Lei xustifica a necesidade de creación desta Escola «que ven motivada ademais pola conveniencia de incardina-la administración autonómica no entorno histórico, lingüístico, político e cultural de Galicia».

Cómpre dicir que o proxecto de lei que o Goberno galego remitira á Cámara non contemplaba a creación dunha sección de linguaxe administrativa. Isto motivou que no debate da totalidade do Proxecto de Lei, o deputado do grupo mixto, Sr. Nogueira Román, lamentase «que o proxecto de lei non contemple o galego como idioma oficial da Escola».

Con anterioridade ó debate na Cámara o Boletín Oficial do Parlamento publicara as emendas presentadas polos grupos parlamentarios da oposición demandando a inclusión dun artigo alusivo á normalización lingüística.

O Texto aprobado polo Pleno da Cámara no art. 3.5. recolle unha das finalidades da EGAP: «A difusión e normalización do idioma galego na Administración pública, a capacitación lingüística do personal e a participación na fixación da linguaxe técnica, administrativa e xurídica galega».

### 1.2. Toponimia

Tres Decretos (aparecidos nos Diarios Oficiais números 174 e 251) e cinco Ordes (DOG números 97, 115, 117, 196 e 197) dispoñen a aprobación dos nomes oficiais de parroquias e entidades de poboación de trinta concellos da provincia de Ourense.

### 1.3. Subvencións

Unha Orde do 8 de maio (DOG núm. 117, do 23 de xuño), regula o réxime de subvencións destinadas ó cumprimento no que establece a Lei de Recoñecemento de Galeguidade. No art. 2.º especificanse as subvencións que se poderán outorgar, total ou parcialmente:

1. A celebración de cursos de Lingua e Cultura Galegas.  
(...)
3. A adquisición por parte das Comunidades Galegas de fondos editoriais impresos, fotográficos e audiovisuais, tendentes a facilita-lo coñecemento da historia, da arte, da lingua e da realidade socio-económica de Galicia.
4. A celebración de cursos, xiras, conferencias e ciclos especiais sobre lingua, historia, cultura e folclore galegos tanto dentro

como fóra de Galicia, con especial destino a emigrantes galegos e ós seus fillos.

Outras axudas económicas a empresas periodísticas de publicacións periódicas non diarias para o uso e normalización da lingua galega, son reguladas por Orde do 30 de outubro de 1987 (DOG n.º 219, do 13 de novembro de 1987).

#### 1.4. Función Pública

O DOG núm. 238, do 11 de decembro de 1987, publica unha Orde do 10 de decembro de 1987, pola que se nomea un funcionario interino como traductor de galego. Este traductor adscríbese ó servizo de traducións do Diario Oficial de Galicia.

Un Decreto, 3/1987 (DOG núm. 12, do 20 de xaneiro de 1987), do 8 de xaneiro, establece o procedemento para solicita-lo recoñecemento da galegitude e a posterior inscrición no Rexistro. O Decreto desenvolve o art. 7.1 do Estatuto de Autonomía para Galicia.

O art. 2.a refírese á lingua galega como unha condición para obte-lo recoñecemento da galegitude.

### 2. *Consellería de Educación e Ordenación Universitaria*

#### 2.1. Subvencións

Diversas Ordes regulan as subvencións para accións de promoción da lingua galega:

— Orde do 13 de xaneiro, prorrogando o praxo establecido na base 6.º da Orde do 28 de novembro de 1986, pola que se convocan axudas a entidades e empresas privadas para accións de promoción da lingua galega.

— Orde do 13 de xaneiro de 1987, pola que se prorroga o prazo establecido no artigo 4.º da Orde do 28 de novembro de 1986, pola que se convocan axudas a entidades culturais para accións de promoción da lingua galega.

— Orde do 13 de xaneiro de 1987, pola que se prorroga o prazo establecido na base quinta da Orde do 28 de novembro pola que se aproban as bases que regularán as subvencións á prensa escolar en galego dos distintos centros de ensino non universitario.

— Orde do 4 de setembro de 1987 pola que se convocan axudas a entidades culturais para accións de promoción da lingua galega.

— Orde do 4 de setembro de 1987 pola que se convocan subvencións para programas de investigación científica no campo da lingua e cultura galegas.

— Orde do 4 de setembro de 1987 sobre concesión de axudas para a celebración de congresos, xornas, simposios e outros.

O art. 3.º desta Orde dispón que «a publicidade dos congresos, xornadas, simposios, etc., así como as respectivas ponencias e comunicacións deberán facerse en galego normativo».

— Orde do 4 de setembro de 1987, pola que se aproban as bases que regularán as axudas ós suplementos de prensa escolar editados en galego.

— Orde do 21 de outubro de 1987, pola que se convocan axudas a entidades e empresas privadas para accións de promoción da lingua galega.

As modalidades de subvención establecidas son:

a) Modificación de rótulos e letreiros exteriores, rotulación interior, precios, indicacións ó público, publicidade interior, etc., dos establecementos comerciais.

b) Publicidade nos distintos medios de comunicación social relacionada con actividades de tipo mercantil, cultural, deportivo e outros, redactada, seriada ou emitida en galego normativizado.

c) Outro tipo de actividades nas que primen as accións de promoción da lingua galega.

## 2.2. Cursos de lingua galega

— Resolución do 8 de xaneiro de 1987, da Dirección Xeral de Educación básica, pola que se dictan normas para os opositores que superaron os exercicios eliminatorios do concurso-oposición para ingreso no corpo de profesores de EXB de 1986 e non superaron a proba de coñecemento da Lingua galega.

Os opositores declarados non aptos na proba específica de coñecemento de Lingua Galega —segundo esta Resolución— deberán participar nos cursos de iniciación e perfeccionamento da lingua galega que se convoquen a tal fin.

— Orde do 21 de outubro de 1987 pola que se convocan subvencións para a realización de cursos de Lingua Galega a través de asociacións culturais.

— Orde do 21 de outubro de 1987, pola que se convocan axudas para a realización de cursos de Lingua Galega, mediante convenios coas entidades da Administración Local.

## 2.3. Campañas de normalización lingüística

Orde do 3 de decembro pola que se anuncia concurso público para a execución de traballos correspondentes á campaña de normalización lingüística de Galicia no eido comercial. O presuposto da contrata cífrase ata un máximo de 40.488.824,— pesetas.

## 2.4. Cátedra de Lingua Galega en Nova York

Unha Orde do 30 de outubro de 1987 convoca concurso público de méritos para unha praza de profesor de Lingua e Cultura galegas na Universidade de Nova York, podendo solicita-la praza os profesores numerosos con grao de doutor en filoloxía e que estean en situación activa, tendo como categoría mínima a de seren profesores titulares de Lingua Galega da Universidade.

## 2.5. Diplomas de profesor especialista en lingua galega

En cumprimento do disposto na orde do 6 de febreiro de 1987 a Dirección Xeral de Política Lingüística dicta unha Resolución do 9 de febreiro de 1987 establecendo os requisitos necesarios para solicita-lo diploma de profesor especialista en Lingua Galega.

A disposición máis polémica foi a que pareceu no DOG núm. 170 do pasado 4 de setembro. Trátase dunha Orde pola que se desenvolve o Decreto 135/1983, do 8 de setembro, sobre aplicación da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística.

Esta Orde consta de 15 artigos e dúas disposicións derradeiras. Regula o galego nos documentos administrativos dos centros públicos dependentes da Xunta de Galicia que se redacten en papel impreso que obrigatoriamente hánse facer en galego.

No art. 14 establece que no centros de Bacharelato e COU recibirán o ensino en galego de dúas disciplinas. O mesmo regúlase para FP.

O Goberno central requiriu ó Galego para que modificara a Orde por considerala inconstitucional. Aunque no escrito do Goberno Central deixábase ver que, de non ser atendido o requerimento enviárase a orde ó Constitucional, polo de agora nada se sabe ó respecto.

## 2.6. Funcións e competencias da Dirección Xeral de Política Lingüística

O DOG núm. 8, correspondente ó 14 de xaneiro, publica unha Corrección de erros do Decreto 468/87, de 17 de decembro, pola que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, atribuíndolle competencias á Dirección Xeral de Política Lingüística nos seguintes eidos:

«Art. 11.

a) Elaborar e executa-los plans, programas e orientación pedagóxicas para o ensino da lingua galega nos diferentes niveis, ciclos e modalidades de Educación Preescolar, Educación Xeral Básica, Bacharelato, Formación Profesional, Ensinanzas Artísticas e Escolas de Idiomas, así como no Curso

de Orientación Universitaria, sen prexuício das competencias que corresponden ás Universidades.

b) Aproba-los libros de texto e material didáctico de Lingua Galega, así como emitir informes no aspecto lingüístico e con carácter previo e vinculante ós demais libros de texto editados en galego.

c) Realizar cursos de formación e perfeccionamento de galego dirixidos tanto ó personal ó servizo da educación coma a outros funcionarios públicos e a particulares.

d) Promover e organizar congresos, reunións, etc. en materia de lingua galega.

e) Promove-lo uso da lingua galega na vida oficial e nos medios de comunicación e audiovisuais.

#### Art. 12.

A Dirección Xeral de Política Lingüística quedará integrada polos seguintes servizos:

1. Servizo de Plans, Programas e Perfeccionamento.
2. Servizo de Xestión, Asesoramento e Coordinación Lingüística.»

### 3. *Consellería de Cultura e Deportes*

#### 3.1.1. Subvencións

— Orde do 27 de xaneiro pola que se aproban as bases que regularán as axudas ás revistas de carácter cultural.

#### 3.2. Premios

— Orde do 10 de setembro pola que se creao o premio «Alvaro Cunqueiro» para textos teatrais. As obras deberán estar escritas en lingua galega.